

## Caixanova colabora co comercio barquense

La Región, 14 de Novembro de 2009

Os asociados o Centro Comercial Aberto de O Barco beneficiaranse das condicións especiais que ofrece Caixanova, despois da renovación dun convenio de colaboración entre ambas as dúas entidades.

A Asociación Centro Comercial Aberto de O Barco e Caixanova colaborarán na promoción do comercio. No Consistorio, o director territorial de Caixanova e a presidenta da asociación, Luis Aldemira e Charo López, asinaron o convenio. Ademais, estiveron José Luis Outomuro e José Luis Mateo, de Caixanova e a empresaria Manoli Rodríguez.